

1. INTRODUCCIÓN

A poboación laboral feminina asalariada en Galicia no 2008 alcanzou as 413.700 traballadoras, segundo a EPA 2008, o que representa o 44,8% da poboación traballadora. As mulleres constitúen case a metade da poboación traballadora galega o que fai necesario que a perspectiva de xénero sexa contemplada na xestión da prevención de riscos laborais nas empresas, de xeito que podamos garantir os mesmos dereitos laborais, especialmente aqueles que están relacionados coa seguridade e saúde no traballo.

Con esta segunda enquisa preténdese proporcionar máis información e máis precisa tanto aos traballadores e traballadoras como aos responsables das empresas. Obter datos exclusivos da poboación feminina no ámbito da saúde laboral permitirá establecer actuacións preventivas dirixidas dun xeito específico a aqueles riscos que afectan especialmente as mulleres traballadoras.

O presente estudio suple as necesidades de complementacións, correccións e puntualizacións xurdidas a raíz da I Enquisa sobre as condicións de seguridade e saúde no traballo da muller en Galicia, alongando o camiño a futuros esforzos na mesma dirección. Este traballo permitirá validar o estudo anterior e aportará máis datos sobre as condicións de seguridade e saúde no traballo das mulleres en Galicia, facilitando unha mellor aproximación diagnóstica á realidade da xestión da prevención de riscos laborais desde a perspectiva de xénero co fin de promover e mellorar a calidade da actividade preventiva.

No presente informe detállase os obxectivos, a metodoloxía empregada e os resultados e conclusións obtidas na II Enquisa sobre as condicións de Seguridade e Saúde no traballo da muller en Galicia levada a cabo no ano 2009.

Obxectivos xerais

- Determinar o estado das condicións de seguridade e saúde da muller no traballo.

- Detectar o seu grao de satisfacción e benestar.
- Presentar as fortalezas e as debilidades en aras a suxerir liñas de mellora nas súas condicións de traballo.

Obxectivos específicos

- Determinar os factores de risco do contorno laboral que están influíndo na saúde das traballadoras desde o punto de vista da seguridade, hixiene, ergonomía e psicocioloxía aplicada, así como da medicina no traballo.
- Identificar as exposicións laborais máis frecuentes ás que están sometidas as mulleres traballadoras.
- Avaliar o nivel de percepción dos riscos e danos á saúde existentes.
- Analizar o grao de integración da perspectiva de xénero na xestión da prevención de riscos laborais nas empresas, así como na actividade preventiva desenvolvida polos servizos de prevención.
- Detectar o grao de satisfacción das mulleres coas condicións de seguridade e saúde laboral.
- Identificar cantos aspectos de interese sexan influentes nas condicións de seguridade e saúde das mulleres traballadoras.
- Avaliar cal é o peso que a posibilidade de conciliación da vida familiar e laboral exerce sobre as valoracións que as mulleres teñen sobre os seus postos de traballo.

Os resultados obtidos vanse someter a comparacións cos obtidos na VI Enquisa Nacional de Condicións do Traballo do ano 2005 e a Enquisa de Condicións de Vida das Familias en Galicia do 2007. A razón é fundamentalmente detectar patróns diferenciadores entre homes e mulleres, e a comparación de Galicia co resto de España; ademais supón a fonte de información máis próxima e semellante á que se pretende construír. Tamén se farán comparacións cos

resultados obtidos na I Enquisa sobre as condicións de seguridade e saúde no traballo da muller en Galicia do ano 2008.

Esta Enquisa vai dirixida a proporcionar información tanto a traballadores e traballadoras como a responsables de empresas que complementa a de outras fontes, tales como rexistros administrativos, estudos de caso ou informes de situación. Con todo isto e co complemento dos estudos que outras entidades públicas e privadas que veñen realizando, estase a debuxar de forma cada vez máis precisa e detallada o conxunto de problemáticas en torno a seguridade e saúde no traballo e que afecta a poboación local. Desta forma, as actuacións preventivas dos diferentes axentes deberán de ser cada día máis eficaces no control e na minimización dos riscos laborais.

Este traballo presentase en formato de libro para a súa utilización por parte de todas aquelas persoas interesadas no tema da prevención de riscos a seguridade e saúde das traballadoras galegas. Por cuestións de manexo e facilidade de consulta soamente se presentan aqueles resultados máis destacables o igual que os principais trazos da metodoloxía. O traballo completo con todo o detalle do proceso de elaboración atópase na web <http://www.prl.ugtgalicia.org/enquisamuller> .